

GRIAL 243 (X.A.S.2024) DO CAOS A CONCORDIA. O DESAFIO DA CONVIVENCIA



VARIOS

SYNOPSIS

Conflitos globais e locais. Da inseguridade internacional á cotidianidade ignorada

Grial Parga

A serie de televisión británica *Years and Years* (2019) imaxina unha historia contemporánea atravesada por infinidade de conflitos. O grupo protagonista é unha familia ampla, desde unha bisavoa que non para de asombrarse coas novas tecnoloxías (pero que as usa) ata uns bisnetos que ansían a trashumanización, pese ao rexeitamento dos pais. Todo iso cun fondo onde os movementos migratorios, os líderes populistas, as políticas soberanistas e inestabilidades varias (incluída unha premonitoria invasión de Rusia a Ucraína) afectan os cidadáns dunha forma gradual pero continua. *Years and years* está narrada desde o gran conflito británico que provocou o Brexit, unha loita xeracional, territorial e política que deixaba en evidencia a clásica definición marxista de loita de clases. Posiblemente por iso, é profundamente pesimista. O futuro, dinos, vai ser un lugar ingobernable.



Editorial	EDITORIAL GALAXIA S.A.
Subject	GRIAL
Collection	GRIAL
EAN	9789200189890
Status	Dispoñible
Binding	Tapa blanda
Pages	134
Size	270x185x0 mm.
Price (Tax inc.)	13,50€
Release date	14/11/2024

Os conflitos internacionais —dos que os cidadáns non temos control nin capacidade de decisión— transmiten, na poboación, unha sensación de inseguridade. Pero son os conflitos máis próximos, diarios e correntes, sobre os que podemos actuar e, con todo, ocupan un lugar residual na nosa lista de preocupacións. Todos son importantes, na súa xusta medida. Neste número de *Grial* pretendemos coñecelos mellor. O xornalista e escritor Brais Suárez, que recentemente publicou *Mar Branco*. Crónicas de Rusia e Europa Oriental en Editorial Galaxia, achéganos á disidencia en Rusia. Navalni é a cara máis visible, pero moitos cidadáns anónimos tratan de organizarse e sobrevivir nun réxime que revolveu o taboleiro internacional. Os rusos contrarios á política de Putin teñen que convivir cunha represión interna cada vez máis feroz e co illamento internacional que afoga a súa economía.

Un pouco máis ao sur existe outro conflito moito máis descoñecido e que, con todo, leva décadas sen resolverse: o que enfronta armenios e acerbaxanos polo territorio de Nagorno-Karabakh. O po...

Related Titles



GRIAL 238
(A.M.X.2023) 1963.
O ANO DO
PRODIPIO
VARIOS



GRIAL 245
(X.F.M.2025)
CULTURA, ARTES
E IDENTIDADES. I
FORO GRIAL
VARIOS



GRIAL 9 (X.A.S,
1965)
VARIOS



GRIAL 11 (X.F.M,
1966)
VARIOS